



COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade



IV OPEN INTERNACIONAL CIDADE DE A CORUÑA DE TENIS EN CADEIRA DE RODAS

Os vindeiros 8 e 9 de maio terá lugar o IV Open Internacional Cidade de A Coruña de Tenis en Cadeira de Rodas na Escola de Tenis Marineda en Cambre- A Coruña.

Este ano poderemos asistir novamente non só a ver o torneo e visitar a exposición (carpa con expositores de axudas técnicas, material ortopédico, material deportivo,...) senón tamén a participar nunha actividade multideportiva (con disciplinas entre as que destacan tenis, tenis de mesa, fútbol, xogo motor,...) que se desenvolverá nas instalacións da Escola de Tenis Marineda e no campo de fútbol situado ao lado da mesma. No caso de chuvia ou mal tempo trasladaranse ditas actividades ao Polideportivo Municipal de Cambre.

A modo ilustrativo achego BORRADOR do programa:

12:00 Chegada

12:05- 13:00 Visita Exposición / Visionado torneo

13:00 a 14:00 Presentación expositores e presentación de actividades a realizar

14:00- 16:00 Xantar e visionado torneo

16:00- 18:00 Actividade multideportiva

NOTA: Recordade que este programa podería sufrir variacións dado que tan só é un borrador.

Contaremos cun espazo habilitado para o xantar, que corre a cargo das/os participantes, que poden traer a comida ou, de ser acordado polo grupo, organizar o xantar na cafetería da ESCOLA DE TENIS MARINEDA (en anos anteriores o presuposto que nos pasaran estaba entre 9 e 14 euros).

O custe do transporte e a organización do mesmo tamén correrá a cargo das persoas participantes.